



CONCELLO DE BEGONTE

DECRETO DA ALCALDÍA.- Begonte, a 19 de Xuño de 2018.

ASUNTO: Convocatoria para selección con carácter laboral temporal de persoal do Programa “Aprol Rural 2018”(2 Peóns forestais).

Vista a convocatoria realizada para a selección con carácter laboral temporal de **2 Peóns forestais**, ao abeiro do Programa “Aprol Rural 2018”, da Consellería de Economía, Emprego e Industria. (DOG nº 26, de 6 de febreiro de 2018).

Visto, o disposto nas correspondentes bases reguladoras, aprobadas por Resolución desta Alcaldía de data 6 de xuño de 2018,

Pola presente, e en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar ao Tribunal cualificador do devandito proceso selectivo composto polas seguintes persoas:

Presidente: D. Manuel Seijas Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte

Suplente: D. José Manuel López Díaz, Empregado Público do Concello de Friol.

Vogais:

- Dna. M^a Jesús Blanco Prado, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado Público do Concello de Friol.

- Dna. Sara Martínez Ferreiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Empregado Público do Concello de Baralla.

- Dna. Natalia Puente Piñeiro, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado Público do Concello de Begonte.

Secretario: Dna. Carmen Vázquez García, Empregado Público do Concello de Begonte.

Suplente: D. José López González, Empregado Público do Concello de Paradela.

SEGUNDO.- Convocar ao Tribunal de selección cualificador para o vindeiro luns, día 21 de xuño de 2018 ás 09.45 horas na Casa da Cultura de Begonte, para a súa constitución e proceder a continuación á realización da proba teórica.

Convocar asemade, en único chamamento, aos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego aos efectos da realización da proba teórica (peón forestal), no seguinte horario:

- 10.00 h. na Casa da Cultura de Begonte, proba teórica aspirantes da praza de Peón forestal.



CONCELLO DE BEGONTE

* Os aspirantes deberán ir provistos de D.N.I. ou documento identificativo.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e Páxina Web, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Alcaldía ou directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do edicto.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde- Presidente, en Begonte a dezanove de xuño de dous mil dezaoto, do que eu Secretario certifico.

O Alcalde- Presidente

O Secretario- Interventor.

Asdo. José Ulla Rocha.

Asdo. Antonio Lorenzo Morandeira.